

V congreso **XÉNEROS,  
MUSEOS,  
ARTE E  
EDUCACION**

REDE MUSEÍSTICA PROVINCIAL DE LUGO



DEPUTACIÓN  
DE LUGO



REDE MUSEÍSTICA  
PROVINCIAL DE LUGO



ESPAÑA  
INTERNATIONAL COUNCIL OF MUSEUMS  
KSEIL INTERNACIONAL DES MUSÉES  
KSEIL INTERNACIONAL DE MUSEUS

**:: XOVES, 15 DE MARZO**

**>> 9.30 Entrega de documentación.**

**>> 10.00 a 14.00**

\_Benvida de **Pilar García Porto**, deputada de Cultura, Patrimonio Histórico- Artístico, Deseño e Artesanía e Educación da Deputación de Lugo.

\_Presentación do *Plan – Mapa - Guía de Museos, xénero, museos arte e educación Ti, Ela, Nós + Outras en Rede*, así como tamén o “non pasa nada” a cargo de **Encarna Lago**, xerente da Rede Museística da Deputación de Lugo.

\_Dentro do programa *Guerrilla de Palabras. Oficio palabrero – palabrera e baixo o título xenérico de Máis empoderamento, máis igualdade, máis reinserción*, intervirán os seguintes membros da Asociación Concepción Arenal.

**Víctor Fraga Gayoso**. Psicólogo, Director de programas do Centro Penitenciario de Monterroso e representante da Asociación Penitenciaria Concepción Arenal.

**Concepción Sanfíz Fernández**. Dra. en Filoloxía Hispánica e Licenciada en Filoloxía Italiana.

**Paula Fraga Arias**. Licenciada en Dereito Económico-Empresarial. Máster da Unión Europea.

\_Presentación de **ACADAR** a cargo de **Mónica Álvarez San Primitivo**, Orientadora laboral, diplomada en educación especial, **ACADAR**, Asociación de Mulleres con Discapacidade de

Galicia, e relatorio de **Nerea Rodríguez**, sexóloga de **ACADAR**, sobre *Violencia contra as mulleres con discapacidade: ver e recoñecer os sinais*.

\_**Estella Freire e Candela Rajal**. *Espazos Resistencia. Intervencións en espazos comunitarios*. Estella Freire é arquitecta e profesora da Área de Didáctica da Expresión Plástica na Facultade de Formación do Profesorado (Campus de Lugo) da USC. É membro do grupo de investigación LITER 21 e do grupo de innovación educativa INOV-ARTE, os dous da USC. Candela Rajal é doutoranda na Área de Didácticas Aplicadas da USC, graduada en Belas Artes pola Universidade de Vigo, especializada en arte contemporánea e museoloxía. Desde 2012 traballa en diversos ámbitos relacionados coa xestión cultural, formando parte do equipo DARDO ou do Museo de Arte Contemporánea de Ambers.

\_**Micaela Fernández Darriba**. *Donas de seu. Cando o museo reivindica a historia das mulleres*, proxecto do Museo Mega da Emigración. Licenciada en Ciencias da Comunicación, xornalista e investigadora en arte, comunicación e xénero. Foi directora da Revista Foeminas (revista virtual de xénero).

\_**Ana Lucía Llano Domínguez**. *Palabreras dende Cali*. Directora do Museo da Tertulia de Cali (Colombia).

**>> 14.00 Xantar.**

**>> 15.30 Saída do autocar para o Museo Pazo de Tor (Monforte de Lemos).**

## >> 16.30 Comezo das seguintes intervencións:

**\_Rosario Sarmiento.** *Arte e muller na Galicia contemporánea.* Licenciada en Xeografía e Ha, cunha ampla traxectoria profesional na programación e xestión de proxectos culturais. Con máis de trinta anos de experiencia profesional, dirixiu a colección de arte Caixa Galicia, actualmente Abanca. Foi subdirectora da Fundación Caixa Galicia. Colaborou con institucións como Academia Galega de Belas Artes, Auditorio de Galicia, Concello da Coruña, Xunta de Galicia, Museo Casa Natal Picasso, Chillida-Leku, Casa do Lector Madrid, Museo e Bienal de Pontevedra, Museo das Mariñas e Museo Arqueolóxico da Coruña.

**\_Aurora Marco.** *Derrubaron os muros, ocuparon os espazos: elas.* Doutora en Filosofía e Letras pola Universidade de Santiago de Compostela, cidade onde reside desde 1958. Exerce de catedrática de Lingua e Literatura Galega na Facultade de Ciencias da Educación da mesma Universidade. É presidenta da *Sociedad Española de Didáctica de la Lengua y Literatura*. Colabora habitualmente con múltiples revistas literarias.

## >> 17.30 Pausa – café.

## >> 18.00 Visita ao Museo Pazo de Tor e ás exposicións temporais.

## >> 19.00 Comezo das seguintes intervencións:

**\_Concha Gaudó Gaudó.** *Wilpf. 100 anos de feminismo pacifista.* Catedrática de Xeografía de Historia (xubilada). Nai e avoa. Pertence, desde a súa fundación ao Seminario Interdisciplinar de Estudos da Muller da Universidade de Zaragoza (SIEM) e á Liga Internacional de Mulleres

pola Paz e a Liberdade (WILPF, siglas en inglés). Desde fai moitos anos traballa nun equipo formado por Carmen Romeo Pemán, Inocencia Torres Martínez, Cristina Baselga Mantecón, Gloria Álvarez Roche e Piluca Fernández Llamas, todas profesoras de distintos ámbitos en temas de educación: educación das mulleres, coeducación e educación para a paz, que prepara a rededición do rueiro “La Zaragoza de las mujeres” e a guía didáctica “Paseos por la Zaragoza de la mujeres”, así como tamén “Un viaje hacia la voz, el trabajo y el voto de las mujeres”, primeiro material audiovisual para a coeducación.

## **\_Carolina Casal Chico:** *MDCL 2.0 na busca dun mundo esquecido.*

Conservadora do Museo Diocesano e Catedralicio de Lugo. Profesora Historia da Arte IV Ciclo Universitario USC. Licenciada con Grao en Historia da Arte e Diploma de Estudos Avanzados en Historia da Arte Medieval pola USC. Membro da Rede de Estudos Medievais da USC e da Comisión de Patrimonio Histórico Artístico e Liturxia da Diocese de Lugo. Autora, directora e comisaria de diferentes proxectos museolóxicos, congresos científicos e exposicións; centra as súas investigacións no estudo da iconografía da arte tardo antiga e medieval, e conta no seu haber con numerosas publicacións.

## >> 20.00 Debate.

## >> 20.30 Regreso a Lugo.

**:: VENRES, 16 DE MARZO**

**>> 8.30 Saída do autocar para o Museo Provincial do Mar (San Cibrao-Cervo)**

**>> 10.30 a 14.00 Comezo das seguintes intervencións:**

**\_Paula Cabaleiro.** *A arte como ferramenta de sensibilización. Violencia cero.* Comisaria de exposicións e xestora cultural. Coordinadora do programa "Mulleres en acción: Violencia Zero" de Deputación de Pontevedra e directora de exposicións do MAC Florencio de la Fuente, de Huete (Cuenca). Coordinadora do festival "Somos rúa, facemos arte" do Concello de Carballo.

**\_Anxela Caramés.** *Arredor de "Alén dos xéneros."* Doutora en Belas Artes pola Universidade Politécnica de Valencia (UPV), historiadora da arte. Como investigadora realizou a súa tese sobre a xestión feminista da arte no contexto español.

–Presentación do proxecto *EU... TI... ELAS... NOSOUTRAS, NOSOUTRXS EN REDE* a cargo de: **Carmen Chacón, María Xosé Domínguez, Mónica Alonso, Ana DMatos, Basilisa Fiestras, Mery Pais, Luz Darriba, Carmen Porteiro, Rubén Pérez Pombo, Tamara Wassaf, WILPF. Liga Internacional de Mulleres pola Paz e a Liberdade.**

**\_Lucía Canoura Sánchez.** *Observatorio da Mariña pola igualdade: 10 anos de feminismo na Mariña.* Vicepresidenta do Observatorio da Mariña pola Igualdade. Anos despois de licenciarse en Ciencias Políticas e da Administración pola USC, realizou estudos de mestrado no ámbito da xestión pública e das políticas

de igualdade. No seo do OMI, foi a responsable da coordinación técnica dalgúns proxectos como a Axenda Feminista 2017 'Galegas en leiras de mar e terra' e a I Feira Feminista de Outono en Ribadeo. Actualmente, compatibiliza o seu labor profesional no ámbito das políticas de igualdade coa súa militancia no feminismo.

**\_Marian López Cao Fernández** *Dar forma á dor.* Profesora Titular (Catedrática acreditada) de Educación Artística da Universidade Complutense de Madrid. Directora do Grupo de Investigacións Aplicadas da Arte na Inclusión Social. É impulsora do proxecto *Museos en Feminino*. Autora de diversas Publicacións sobre arte e feminismo e arte terapia. Foi a presidenta da Asociación Nacional Mulleres nas Artes Visuais (MAV) e, actualmente, é a directora do grupo de investigación Research Group EARTDI.

**>> 14.00 Xantar.**

**>>16.00 Comezo das seguintes intervencións:**

**\_Fátima Anllo Vento.** *Eles ceden o paso, pero controlan a porta. Espazos de poder e os sistemas de leximitización na arte contemporánea.* Doutora en socioloxía e experta políticas culturais, tema ao que dedicou a súa tese doutoral Participación y poder en la gobernanza de las políticas culturales. Fundadora e directora do Observatorio de Creación y Cultura Independientes (oCI). Deseñou e codirixiu o Master en Gestión Cultural de la UCM desde 1992 ata 2014.

**\_Ania González.** *As ferramentas da ama nunca desmontarán a casa da ama. A crítica cultural desde unha perspectiva feminista interseccional.* Avogada e

Crítica da arte. Especialista en Teoría Crítica do Discurso, Feminismos e Imaxinación Política polo Programa de Estudos Independentes do Museo de Arte Contemporánea de Barcelona.

**Semiramis González Fernández.**

*Pódese comisariar dende unha perspectiva feminista?* A ollada cara a arte dende a igualdade. Licenciada en Historia da Arte. Máster en Arte Contemporánea e Cultura Visual no Museo Reina Sofía. Co-directora da feira JustMadrid. Especialista en teoría feminista e queer que aplica á Historia da Arte. Comisaria e blogueira (Semiramis en Babilonia).

**>>19.00 Regreso a Lugo facendo un percorrido por diferentes lugares da Mariña luguesa.**

**:: SÁBADO, 17 DE MARZO**

**>> 9.00 Saída do autocar para o Museo Fortaleza San Paio de Narla (Friol)**

**>> 10.00 a 13.30 Comezo das seguintes intervencións:**

**Aída Recheña e Teresa Veiga Furtado.**

*Museos, xénero e arte: metodoloxías e prácticas.* **Aída Recheña** é Museóloga, tendo concluído o doutoramento en Museoloxía en 2011, coa tese *“Sociomuseologia e Género. Imagens das mulheres em exposições de museus portugueses”*. As súas áreas de investigación son a “museoloxía e xénero”, “teoría museolóxica” e “sociomuseoloxía”. É membro da dirección do MINOM-Portugal. **Teresa Veiga Furtado** é Pintora, Videoartista, Socióloga e Profesora da área de Multimédia no Departamento de Artes Visuais e Design da Universidade de Évora, onde é actualmente a directora.

É membro integrado do Centro de Historia da Arte e Investigación Artística da Universidade de Évora (CHAIA/UEA). As súas áreas de investigación son os “Estudos de Género”, a “Videoarte” e a “Arte Social”.

**Amelia Aguado Álvarez.** *Raiñas guerreiras. O papel da muller tradicional africana a través das pezas do museo.*

Licenciada en Filoloxía Española pola UNED. Realizou o Programa de Doutoramento: Tradición e Innovación na Literatura Española do s. XX do Dpto de Literatura da Universidade de Valladolid coa Tesina: *Paula Izquierdo, ¿literatura joven? ¿literatura femenina? Literatura.* Desde 1983 desempeña varios postos na Universidade de Valladolid e, en 2001, comeza a andadura no campo da xestión cultural ao ocupar o posto de Responsable de actividades culturais e de extensión universitaria no Centro Buendía da Universidade de Valladolid, dedicado á difusión da cultura nas súas manifestaciones e a motivar e participar na mellora do sistema educativo. Desde marzo de 2012 o compatibiliza coa Dirección da Área de Cultura da Universidade de Valladolid e a Dirección da Fundación Arellano Alonso desta mesma Universidade coa Arte da África Subsahariana.

**Luz Helena Carvajal B.** *Nós+outras en Rede. A transferencia dun proxecto.*

Estudou Belas Artes e Historia da Arte na Universidade Nacional de Colombia, e realizou o máster Estudos Avanzados en Museos e Patrimonio Histórico-Artístico na Universidade Complutense de Madrid. Comeza a súa experiencia no ámbito da educación en museos no MAMBO, Museo de Arte Moderno de

Bogotá (2000), onde dirixiu a Área de Educación durante catro anos (2004 - 2008). Foi investigadora nun proxecto de investigación I+D+i: aplicando modelos de avaliación para identificar as boas prácticas nas áreas de educación en museos de España (2014 - 2015). Desde 2010 é educadora da Área de Educación del Museo Nacional Thyssen-Bornemisza.

**\_Aitziber Urtasun.** *A arte como ferramenta social. Pode lerse a colección dun museo en códigos de xénero?* Responsable do Departamento de Didáctica do Museo Oteiza. O seu labor centrase no deseño e desenvolvemento de proxectos educativos de carácter aberto e experimental. Dende o comezo da súa carreira demostrou un especial interese no ámbito social da arte realizando distintos traballos en centros penitenciarios, hospitalarios ou de educación especial. Completa o seu labor educativa cunha búsqueda persoal como artista dende linguaxes diversos como a escrita, a fotografía ou performance.

**\_Mesa de Museos: debate e conclusións.** Modera **Juan García Sandoval.** Museólogo, curador e crítico da Arte. Director Artístico do Museo Rexional da Arte Moderna da Rexión de Murcia (Cartagena). Conservador de Museos da Rexión de Murcia. Especialista en accesibilidade, inclusión social e museoloxía social.

**\_ Clausura do V CONGRESO XÉNEROS, MUSEOS, ARTE E EDUCACIÓN DA REDE MUSEÍSTICA DA DEPUTACIÓN DE LUGO** a cargo de **Luis Grau**, presidente de **ICOM- España.**

## **:: COMITÉ CIENTÍFICO** **Encarna Lago González**

Xerente da Rede Museística da Deputación de Lugo. Dazanove anos de experiencia na programación e xestión de museos dentro das liñas do "Movemento Internacional para unha nova Museoloxía (MINOM)". Autora de numerosos artigos, coordinadora e comisaria de diferentes proxectos, congresos científicos e exposicións sobre xestión de museos, responsabilidade social, capacidades diversas, accesibilidade, inclusión, xéneros, arte, educación, culturas en diálogo. Forma parte da Xunta Directiva de MAV (Mujeres de las Artes Visuales). Comité de honra da Bienal da Arte Contemporánea da Fundación Once 2018. Forma parte do Consello Consultivo da Facultade de Humanidades e docente do Curso de Expertx Universitarix en Xestión Cultural da USC. Dende o 2107 está en WILPF Liga Internacional de Mujeres pola Paz e a Liberdade.

Baixo a súa xestión, a Rede Museística foi recoñecida, entre outros, co Premio da Crítica de Galicia 2004, Premio á Mellor Experiencia didáctica nun Museo pola Fundación Rosalía 2009 e co Premio ONCE Solidaridade 2011, Premio Boa e Xenerosa Aventados 2106, Premio Galicia Inclusión 2017 e Premio Ibermuseos Conversacións Guerrilla de Palabras Oficio de Palabrerxs 2107 e a inclusión do Programa Inclusivo no Banco Galego de Boas Prácticas.

## **Aurelia Balseiro García**

Licenciada con grado en Geografía e Historia pola Universidade de Santiago de Compostela coa especialidade de Museoloxía (1985-1990). DEA. Investigadora especializada no campo

da ourivería prerromana. Publicacións en revistas, prensa, boletíns, actas de congresos... relativas á arqueoloxía do ouro, patrimonio, historiografía, museos, etc. e de libros sobre ourivería castrexa: El oro prerromano en la provincia de Lugo (1994); Diademas áureas prerromanas. Análisis iconográfico y simbólico de la diadema de Ribadeo/Moñes (2000). O torques de Burela. A xoia do noso patrimonio (2013). Directora del Museo Provincial de Lugo desde otoño del 2008.

### **Fernando Arribas Arias**

Doutor en Antropoloxía e Filosofía pola USC. Licenciado en Humanidades. Profesor de EXB. Dedícase fundamentalmente á etnografía e á historia do cine, sen esquecer outros temas de investigación relacionados principalmente coa historia e a arte da provincia de Lugo (nestes temas é autor ou coautor de 14 libros e numerosos artigos en prensa e revistas especializadas) así como tamén do Museo Provincial de Lugo, onde desenvolve a súa actividade profesional como Responsable de Difusión da Rede Museística da Deputación de Lugo. Secretario Técnico do V CONGRESO XÉNEROS, MUSEOS, ARTE E EDUCACIÓN DA REDE MUSEÍSTICA DA DEPUTACIÓN DE LUGO.

### **Ana Goy Diz**

Catedrática da Universidade da área de Historia da Arte na Universidade de Santiago de Compostela. Profesora da Facultad de Humanidades de Lugo e da Facultade de Xeografía e Historia de Santiago. As súas principais liñas de investigación son a arquitectura do Renacemento e do Barroco en Galicia

e as súas relacións con Portugal e Iberoamérica, a arte monástico, así como o estudio do Patrimonio Cultural galego e do Patrimonio da Humanidade.

En relación con estas liñas de investigación dirixiu diversos proxectos de investigación europeos, nacionais ou autonómicos. Coordinou o expediente para a declaración da Torre de Hércules como ben de Patrimonio Mundial. Dirixiu a rede de investigación Patrimonio Cultural: Servicios históricos e científicos sendo directora do Centro de Estudios de Historia da Cidade. Publicou libros de autoría individual ou compartida, participando en congresos nacionais e internacionais e publicou artigos nalgunhas das revistas máis prestixiosas do ámbito da Historia da Arte. Completou a súa formación coa realización de estancias de investigación nas universidades de Braga, Porto, Lisboa, La Sapienza de Roma e Granada, así como no Instituto de Ideas Estéticas da UNAM de México DF, na Benemérita Universidade Autónoma de Puebla (México) e na Universidad Iberoamericana (México).

### **Luis Grau Lobo**

Licenciado en Arqueoloxía e Historia da Arte (1989). Accedeu ao Corpo Facultativo de Conservadores de Museos do Estado e á dirección do Museo provincial de León mediante oposición en 1990. Nese ámbito profesional, organizou e comisariou diversas exposicións de moi variadas temáticas (da prehistoria á arte contemporánea) e dirixiu á renovación do Museo de León, aberto ao público en 2007, cuxo plan museolóxico foi publicado polol Ministerio titular do museo dese mesmo ano. Noutro orde de cousas, é autor dunha ducia de libros e

de máis de medio centenar de artigos científicos e divulgativos, moitos deles de asunto museolóxico. Formou parte anteriormente do Consello executivo de ICOM-España (ao que pertence dende 1991) e da Xunta directiva da Asociación Profesional de Museólogos de España (APME), nos dous casos de 1998 a 2004. De 2001 a 2007 foi vocal da Junta Superior de Museos del Ministerio de Cultura, e dende 2005 pertence á comisión permanente do Patronato del Museo Arqueológico Nacional. Coordinou a revista de museos do Ministerio de Educación, Cultura y Deporte dende 2009 a 2014. Dende ese ano é presidente de ICOM-España.

### **Nuria Rivero Barajas**

Licenciada en Historia da Arte, Master oficial en Historia da Arte Contemporánea e Cultura Visual e posgrado en Museoloxía. Dende 2006 enfoca a súa actividade profesional á museoloxía e xestión cultural en diversas institucións, sendo dende 2012 responsable da xerencia do Comité Español de ICOM (Consello Internacional de Museos).

### **Mercedes Mingote Adán**

Xefa da Sección de Museos da Consellería de Educación e Cultura do Principado de Asturias.

### **Víctor Fraga Gayoso**

Psicólogo, Director de programas do Centro Penitenciario de Monterroso e representante da Asociación Penitenciaria Concepción Arenal.

### **Mónica Álvarez San Primitivo**

Orientadora laboral, diplomada en educación especial.

### **Ana Lucía Llano Dominguez**

Directora do Museo da Tertulia de Cali (Colombia).

### **Carolina Casal Chico**

Conservadora do MDCL. Profesora Historia da Arte IV Ciclo Universitario USC. Licenciada con Grao en Historia da Arte e Diploma de Estudos Avanzados en Historia da Arte Medieval pola USC. Membro da Rede de Estudos Medievais da USC e da Comisión de Patrimonio Histórico Artístico e Liturxia da Diocese de Lugo. Autora, directora e comisaria de diferentes proxectos museolóxicos, congresos científicos e exposicións; centra as súas investigacións no estudo da iconografía da arte tardo antiga e medieval, e conta no seu haber con numerosas publicacións.

### **Paula Cabaleiro**

Comisaria de exposicións e xestora cultural. Coordinadora do programa "Mulleres en acción: Violencia Zero" da Deputación de Pontevedra e directora de exposicións do MAC Florencio de la Fuente, de Huete (Cuenca). Coordinadora do festival "Somos rúa, facemos arte" do Concello de Carballo.

### **Marian López Cao Fernández**

Profesora Titular (Catedrática acreditada) de Educación Artística da Universidade Complutense de Madrid. Directora do Grupo de Investigacións Aplicadas da Arte na Inclusión Social. É impulsora do proxecto Museos en Feminino. Autora de diversas Publicacións sobre arte e feminismo e arte terapia. Foi a presidenta da Asociación Nacional Mulleres nas Artes Visuais (MAV) e, actualmente, é a directora do grupo de investigación Research Group EARTDI.

### **Fátima Anlló Vento**



Doutora en Socioloxía e experta políticas culturais, tema ao que lle dedicou a súa tese doutoral Participación y poder en la gobernanza de las políticas culturales. Fundadora e directora do Observatorio de Creación y Cultura Independientes (OCI). Deseñou e codirixiu o Master en Gestión Cultural de la UCM desde 1992 ata 2014.

### **Ania González**

Avogada e Crítica da arte. Especialista en Teoría Crítica do Discurso, Feminismos e Imaxinación Política polo Programa de Estudios Independentes do Museo de Arte Contemporánea de Barcelona.

### **Semiramis González Fernández**

Licenciada en Historia da Arte. Máster en Arte Contemporánea e Cultura Visual no Museo Reina Sofía. Co-directora da feira JustMadrid. Especialista en teoría feminista e queer que aplica á Historia da Arte. Comisaria e blogueira (Semiramis en Babilonia).

### **Aida Recheña**

Museóloga, tendo concluído o doutoramento en Museoloxía en 2011, coa tese "Sociomuseologia e Género. Imagens das mulheres em exposições de museus portugueses". As súas áreas de investigación son a "museoloxía e xénero", "teoría museolóxica" e "sociomuseoloxía". É membro da dirección do MINOM-Portugal.

### **Teresa Veiga Furtado**

Pintora, Videoartista, Socióloga e Profesora da área de Multimédia no Departamento de Artes Visuais e Design da Universidade de Évora, onde é actualmente a directora. É membro integrado do Centro de História da Arte

e Investigación Artística da Universidade de Évora (CHAIA/UEA). As súas áreas de investigación son os "Estudos de Género", a "Videoarte" e a "Arte Social".

### **Amelia Aguado Álvarez**

Licenciada en Filoloxía Española pola UNED. Realizou o Programa de Doutoramento: Tradición e Innovación na Literatura Española do s. XX do Dpto de Literatura da Universidade de Valladolid coa Tesina: Paula Izquierdo, ¿literatura joven? ¿literatura femenina? Literatura. Desde 1983 desempeña varios postos na Universidade de Valladolid e, en 2001, comeza a andadura no campo da xestión cultural ao ocupar o posto de Responsable de actividades culturais e de extensión universitaria no Centro Buendía da Universidade de Valladolid, dedicado á difusión da cultura nas súas manifestaciones e a motivar e participar na mellora do sistema educativo. Desde marzo de 2012 o compatibiliza coa Dirección da Área de Cultura da Universidade de Valladolid e a Dirección da Fundación Arellano Alonso desta mesma Universidade coa Arte da África Subsahariana.

### **Luz Elena Carvajal B.**

Estudou Belas Artes e Historia da Arte na Universidade Nacional de Colombia, e realizou o máster Estudios Avanzados en Museos e Patrimonio Histórico-Artístico na Universidade Complutense de Madrid. Comeza a súa experiencia no ámbito da educación en museos no MAMBO, Museo de Arte Moderno de Bogotá (2000), onde dirixiu a Área de Educación durante cuatro años (2004 - 2008). Foi investigadorea nun proxecto de investigación I+D+I: aplicando modelos de avaliación para identificar

as boas prácticas nas áreas de educación en museos de España (2014 - 2015). Desde 2010 é educadora da Área de Educación del Museo Nacional Thyssen-Bornemisza.

### **Aitziber Urtasun**

Responsable do Departamento de Didáctica do Museo Oteiza. O seu labor centrase no deseño e desenvolvemento de proxectos educativos de carácter aberto e experimental. Dende o comezo da súa carreira demostrou un especial interese no ámbito social da arte realizando distintos traballos en centros penitenciarios, hospitalarios ou de educación especial. Completa o seu labor educativa cunha búsqueda persoal como artista dende linguaxes diversos como a escrita, a fotografía ou performance.

### **Juan García Sandoval**

Museólogo, curador e crítico da Arte. Director Artístico do Museo Rexional da Arte Moderna da Rexión de Murcia (Cartagena). Conservador de Museos da Rexión de Murcia. Especialista en accesibilidade, inclusión social e museoloxía social.

### **Elena López Gil**

Socia fundadora e Presidenta de AMMA Asociación de Museólogos y Museógrafos de Andalucía, membro da Rede de Expertos en Patrimonio Cultural e Natural, Proxecto Campus de Excelencia Internacional en Patrimonio Cultural e Natural, membro de OIKOS, e colaboradora da edición de Contenidos Culturales dentro do Proxecto E-excellence de Liceus, Servicios de Gestión e Comunicación, S.L.

### **:: COMITÉ DE ORGANIZACIÓN**

### **COORDINACIÓN XERAL**

Encarna Lago González  
*erente da Rede Museística da Deputación de Lugo*

### **SECRETARÍA XERAL TÉCNICA**

Fernando Arribas Arias  
*Responsable de Difusión da Rede Museística*

### **COMITÉ DE ORGANIZACIÓN**

Encarna Lago González  
Aurelia Balseiro García  
Fernando Arribas Arias  
Antonio Reigosa Carreiras  
Francisca Abuín Villar  
Ana Ferro Fernández  
Jesús González López  
Tar López López  
Silvia Fiallega Lorenzo  
Juan Ignacio Márquez Barros  
M<sup>a</sup> de los Ángeles Miguélez Martínez  
Amelia Pernas García  
Raquel Guerrero Prieto  
J. Manuel Neira González  
Matías Linares Carrera  
Manuel Fernández Arias